

programa de primavera 2016

Auditorio Mar de Vigo
(Vestíbulo principal)

un río
de músicas
pola paz

OXY ORQUESTRA
XOVE
430/VIGO430



Domingo, 21 de febreiro, 12:00 h

SMETANA, DOMÍNGUEZ,
WHITACRE, BUSTO

Dirixen: Irene Gómez-Calado e
Julio Domínguez

Coro participativo coa
colaboración dos coros Capela
Madrigalista, Coro do IES Val do
Tea, Miñoca ma non toppo e
cantores convidados.

Primeira parte

BEDRICH SMETANA (BOHEMIA, 1824 – PRAGA, 1884):

O Moldava, JB 1:112/2 (1874-75)

JULIO DOMÍNGUEZ (PONTEAREAS, 1965):

Cantos de amor e soidade

Arranxos de Julio Domínguez sobre as seguintes obras:

Estudio sinfónico. Julio Domínguez

Compañeira. Xosé L. "Mini" Rivas

Bolboreta. Mia Makaroff

Ficando sós. Julio Domínguez

Como unha amendoeira en flor. Bo Hansson

Segunda parte

ERIC WHITACRE (RENO, 1970)

5 Hebrew love songs (1996 - 2001)

Temuná (Unha imaxe)

Kalá kallá (Luz de noiva)

Lárov (Principalmente)

Éyze shéleg! (Que neve!)

Rakút (Tenrura)

JAVIER BUSTO (HONDARRIBIA, 1949)

Suite Litúrxica "Pro Pace" (1986)

Kyrie

Sanctus

Benedictus

Salve regina

Agnus dei

Un río de músicas pola paz

Perdoade que me apunte á moda de airear os trapos sucios en público e si, conféseo: eu tamén fun a EXB. Xa está aquí o avoíño! -diredes-, en canto ve a uns mozos facendo música xa se pon a contar as súas batallíñas! E ademais, que ten de inconfesable iso da EXB? Tedes razón. Fáltame engadir a esa confesión que eu “estudei” música en EXB. Creio que me entenderedes mellor se vos conto como me ensinaron “O Moldava” de Smetana.

Profesor: Hoxe exame. O compositor describe un río. Así que se estades atentos recoñecerdes todo o que aparece na obra. Poño o disco e a escribir a descrición do que escoitades.

Alumnos: Alguén coñece isto? Eu coñezo a Miguel Ríos, aínda que isto non me soa? Non será o río ese que tiña unha ponte? Como era? Pero? nesta non asubían. Rápido, preguntarlle a ese, que vai ao conservatorio.

Todos os ollos dos pupitres volvéronse en busca do ilustre alumno que seguro tiña a solución salvadora do cero xeral. “Antes morrer que perder o prestixio adquirido co método de primeiro de solfexo da Sociedade Musical”, asumiu, aínda que non tiña nin a máis remota idea de se ese Moldava pasaba pola China ou por Valladolid. Así que cargando sobre as súas orellas o destino colectivo que a agulla do tocadiscos espallaba pola aula, puxo cara de intelectual condescendente e dispúxose a ser copiado mentres o profesor concentrábase botando unha sestiña.

Fácil tarefa, dado que a clase anterior fora de Naturais e ademais ao alumno rariño tamén lle gustaba a Xeografía Física. Así que sen dubidalo apareceron na nube nevando sobre a súa correspondente montaña, sete ou oito afluentes caudalosos e as pronunciadas curvas dos meandros -seguro que a palabra sobe puntos-. Naturalmente, a fauna non escaseaba e tras zapateiros, ras e troitas abalanzábanse as pirañas -na televisión da época Félix Rodríguez de la Fuente, hoxe actualizado en Frank da Jungla, triunfaba na Amazonia- Algún copista desexoso de ocultar as súas fontes tamén incluíu quenllas e baleas “fluviais”. Por último, o río formaba o seu delta -toma debuxo e dobre de puntos- ao chegar á mar “que é o morrer” -triplo de puntos en lingua castelá-

Morrer, o que se di morrer, morrín de vergoña cando souben que o ditoso Moldava non era máis que un afluente doutro máis grande chamado Elba -pero iso non era unha illa?- e quedaba á mesma distancia que Guadalaxara da mar salgada. Non aparecían nin troitas nin salmóns e encima o Smetana ese poñíase a “desbarrar” na súa música con cazadores, fadas e castelos.

Naufrexio xeral, o meu prestixio á baixura do Titanic e encima, se non queres caldo, sete cuncas: O profe de música compracido polo feliz éxito da obra, e remolón para cambiar de disco, decidiu facernos representar en clase outra das obras do ciclo “A miña Patria” ao que pertencía O Moldava. Para non ver máis disparates, esta vez contounos o argumento. Pero en canto acabou vin a maligna vinganza brillando nos ollos dos meus compañeiros. Nunha clase de só mozos, adxudicóuseme por unanimidade o papel protagonista que non era outro que “Sarka, a princesa guerreira”.

Batallíñas miñas aparte, Smetana ademais do título, entregou na estrea da obra un breve guión ao que a música segue no seu propio e “confundible” linguaxe. O Moldava sérvelle como símbolo para enxalzar as glorias checas, do mesmo xeito que un compositor patrio podería facer co Miño. Pero estas non consisten en grandes batallas, senón no burbullar das augas nacentes que se funden -as frautas- e xuntas discorren por unha fermosa canle -melodía principal- xunto ao que se goza de bosques plenos de caza -trompas á espreita-, unha voda campesiña -danza popular checa-, contos sobre ondinas e vellos cabaleiros -apracible nocturno- e nos sobrecollen os fortes bulebles que forma xusto antes de entrar lambendo maxestosamente as pontes da bela Praga. É dicir, canta os traballos da Paz e non os da Guerra. Seica esquecemos que os checos se tentaron liberar no século XX dos soviéticos cunha primavera sen armas e que ao fin o lograron nunha revolución que se chamou “de veludo”? Terá que ver con que se di que cada checo nace cun violín debaixo do brazo?

Á parte de ser unha bela obra descritiva, O Moldava conta cunha das melodías máis inesquecibles que existen, e os xenerosos checos compártena con varios pobos do mundo. Non tedes máis que comparala co himno de Israel. Non é de estrañar, pois como sabedes, antes de ser cruelmente eliminados, multitude de hebreos viviron en paz en Praga e outras cidades centroeuropeas. A nostalxía daquelas épocas é evocada no cuarto dos Cantos Hebreos do norteamericano Eric Whitacre, pois suxire o son de campás e a neve caendo nunha pequena cidade alemá. Os demais cantos están compostos con delicadeza e sinxeleza sobre breves poemas que a súa noiva utilizou para ensinarlle hebreo e nos que ambos se declaran o seu amor.



Previamente a estes Cantos Hebreos, Julio Domínguez preséntanos unha antoloxía de autores contemporáneos que meditan sobre a soidade e o amor, o seu antídoto. Se na súa propia composición sobre Manoel Antonio, Julioo fálanos de como todo un océano pódese converter en frío e nocturno peche, unha bolboreta no de Paloma Suanzes pídenos amar con alegría este mundo colorido por efémero que sexa. O amante comóvese ante a beleza e a fragilidade do seu amor que é “como unha amendoeira en flor” na canción de Hansson, e Rivas pide á súa “Compañeira” esperanza para un futuro mellor. Moitos lembrarán esta canción interpretada por “Fuxan os ventos”, pois o seu autor, como todos os desta selección mostran que o popular e o clásico, o elaborado e o sentido non teñen por que estar rifados.

Aínda que a xente dunha terra sexa moi amante da paz, ás veces non resulta tan sinxelo librarse do odio e a morte. Por desgraza así foron as últimas décadas do século XX no País Vasco. Que un compositor desta terra pensase que a música pode ser un bálsamo para os corazóns doridos, non foi unha frase feita para Javier Busto cando en 1986 compuxo a súa Misa Pro Pace. Médico de profesión, pero músico desde neno, seguro que os efectos das súas composicións son tan beneficiosos para a nosa saúde como poidan ser os medicamentos das súas receitas. Seguindo a arraigada tradición da súa terra, buscou a fraternidade entre todos a través de infinidade de obras corais. A súa música comprácese coa división en moitas partes do coro creando acordes moi ricos e resoantes. Tamén nos atopamos pasaxes discordantes e sen entoación precisa que son aplacados por outros serenos e unánimes. Nesta ocasión escoitaremos unha versión desta obra vibrante, baixo o título de Suite Litúrxica, instrumentada para voces e orquestra por Julio Domínguez, que a diversos momentos da misa suma o canto á Virxe Salve Regina e inclúe pasaxes de Bidasoa. Sabedes que este é un río vasco?

Que flúa por el e todos os ríos da terra a paz que canta o Agnus Dei desta misa como última pregaría.

Constantino Pérez Muras

Irene Gómez-Calado, dirección musical

Irene Gómez-Calado é unha das directoras de orquestra máis novas e prometedoras do momento. No último ano Irene foi convidada polo director Enrique Mazzola a traballar coa Orquestra Nacional d'Île de France na estrea mundial do “Concerto para público e orquestra” do compositor italiano Nicola Campogrande na Philharmonie de París. Éxito que a levou a ser convidada polo mesmo compositor para traballar coa Orquestra Verdi de Milán en febreiro de 2016. Enrique Mazzola declarou que “Irene é unha moza directora cunha extraordinaria intelixencia musical e cunha completa capacidade de comprensión para facer música”.

Realizou diferentes concertos ao redor de América Latina, Xapón e Europa e dirixiu, entre outras, a Atlantic Coast Orchestra en Portugal, a Brasov Symphonic Orchestra en Romanía, a Orquestra de Cámara de Sevilla, a Orchestra des Grands Écoles de París, a Philips Symfonie Orkest en Estonia e o Ensemble Erasme en París.

Irene nace en Puebla del Río, Sevilla no ano 1988 nunha familia de músicos. Iniciou a súa formación aos 7 anos de idade co piano e a frauta travesa e descubriu rapidamente a súa afección por cantar. Forma parte do Coro Novo de Andalucía do ano 2007 ao 2012, onde tamén traballou como directora asistente e realizou concertos por toda Andalucía e Marrocos. É licenciada en Dirección de Coros, con honras, polo Conservatorio Superior de Música “Manuel Castillo” de Sevilla. En 2011 trasládase a París onde estudará improvisación, órgano, composición, análise musical e dirección no Conservatorio de Boulogne-Billancourt. En 2014 completa a súa formación académica cun Máster en dirección na Universidade da Sorbona en París.

En 2010, funda o Coro de Cámara de Sevilla co que realizou unha xira de concertos por América Latina (Bolivia e Perú). En paralelo, é vicepresidenta da Federación Sevillana de Coros e traballa como directora de coro para a Fundación Barenboim-Said de 2009 a 2011. Irene dirixe regularmente o Coro Vittoria d'Île de France, co que tivo a oportunidade de gravar dous discos con música do compositor francés Martial Caillebotte. Tamén é convidada como profesora de dirección aos cursos de verán “Tamara Brooks” en Pontevedra.

Irene comeza a súa carreira de dirección aos 18 anos. Recibe formación en dirección de coros dos profesores Tamara Brooks, Julio Domínguez, Gary Graden, Johan Duijck, Ariel Alonso, Marianne Guengard ou Celso Antunes, entre outros. E en dirección de orquestra formouse con mestres como Gianluigi Gelmetti, Colin Metters, Aurélien Azan Zielinski, Jorma Panula, Roberto Benzi, Neeme Järvi e Paavo Järvi, entre outros.

Entre os seus máis recentes e próximos compromisos atópanse dirixir a Pazardzhik State Symphony Orchestra en Bulgaria, a Orquestra Verdi de Milán, a Orquestra Nova das Illas Baleares en Mallorca, e a Deutsch Philharmoniker de Saarbrücken en Alemaña. Ademais do presente concerto coa Xove Vigo 430.

Actualmente reside en París onde traballa como directora asistente na Orchestra des Grands Écoles de París e onde desenvolve un programa de directora residente no seo da Orquestra Nacional d'Île de France. Tamén é profesora no Conservatorio da vila de Saint-Mandé.

Julio Domínguez, dirección artística, composición, arranxos e dirección musical

Na súa localidade natal (Pontearreas), mantén os seus primeiros contactos coa música á idade de 5 anos como cantor do coro infantil do seu colexio (Dir.: Ángel Viro-Caamaño). Estuda posteriormente nos conservatorios Profesional de Música de Santiago de Compostela e Superior de Vigo. Logo dunha etapa autodidacta, iníciase na dirección da man dos mestres Manel Cabero e Javier Busto en Cataluña e País Vasco respectivamente, percorrendo diferentes países traballando e asistindo a numerosos cursos e seminarios cos máis prestixiosos directores a nivel internacional, especialmente co sueco Eric Ericson e a tamén pedagoga norteamericana Tamara Brooks.

En 1990 funda en Galicia o coro CAMERATA AD LIBITUM ofrecendo máis de 400 concertos nos principais ciclos e festivais de música, interpretando habitualmente programas a-cappella de diferentes épocas e estilos, especialmente de compositores contemporáneos incluíndo encargos e numerosas estreas. Tras ter recibido primeiros premios nos concursos nacionais máis prestixiosos, no ano 2002 obtén o GRAN PREMIO NACIONAL de Canto Coral (galardón máis importante a nivel nacional).

Como director convidado, desenvolveu programas especialmente deseñados para coros infantís e xuvenís ao fronte de agrupacións como o Coro Novo COACE (Confederación Coral Española), Federación Flamenca de Coros (Bélxica), Universidade dos Andes (Venezuela), Universidade de Burgos (UBU) e Joven Coro de Andalucía (JCA), ademais de impartir cursos e obradoiros con agrupacións e entidades profesionais tanto a nivel nacional (Coro Nacional de España e de RTVE) como internacional (Portugal, Italia, Bélxica, Venezuela e EE.UU.), ademais de formar parte de xurados e tribunais exercendo como membro do equipo técnico da Federación Internacional para a Música Coral (IFCM).

Recentemente, en colaboración coa editorial Armonía Universal e o coro Capela Madrigalista, ven de realizar a recuperación e interpretación da “Misa a San Martiño” do mestre de capela José Quiroga (Ourense, 1780-1816) ao fronte da orquestra Camerata Bacherini (Sinfónica de Galicia, OSG) e un programa especial baseado en poetas galegos coa Banda de Música Municipal de Ourense, ademais da preparación e interpretación das obras de teatro musical “Fondo do estanque” e “Happy, unha historia ao pé da cidade” a modo de actividade interdisciplinaria no IES “Val do Tea” de Pontearreas.

Como compositor, ten recibido numerosos premios e mencións (España, Francia, Alemaña, Israel, Suecia, Noruega, Finlandia, Xapón, EE.UU e Canadá) e as súas obras son editadas e interpretadas por todo o mundo, recibindo encargos e residencias cos máis prestixiosos coros.

A Orquestra Xove Vigo 430 é unha iniciativa de carácter formativo da Orquestra Vigo 430, destinada a novos instrumentistas de idades comprendidas entre os 14 e os 21 anos, que cursan estudos de grao profesional ou primeiros anos do superior.

A finalidade desta orquestra é a de complementar e ampliar os estudos tanto instrumentais como orquestrais que os alumnos realizan nos seus conservatorios e escolas de música, así como servir de canteira musical á Orquestra Vigo 430.

A división de xente nova da 430 bota a andar en setembro de 2012 e realiza dende entón tres encontros ao longo do curso escolar nos que os compoñentes da mesma traballan os diferentes programas baixo a dirección e supervisión de músicos integrantes e colaboradores da Orquestra Vigo 430. A partir do 2016 a periodicidade vai ligada aos proxectos concretos cuxos programas se consideran de interese para a formación dos participantes.

Violíns I: *Mario Peris**, *Pablo Buján*, *Lia Theotonio*, *Iris Landeiro*, *Lucía Palma*, *Estela Rodríguez** e *Eduardo Rey**.

Violíns II: *Víctor González*, *Inés Fernández*, *Noa Martínez*, *Xoana Pérez*, *César Escobar**, *Manuel A. Cebrián** e *Marina Ortiz**.

Violas: *Lucía Molina*, *Sabela Martínez*, *María Rodríguez*, *Louis Willem* e *Javier Escobar**.

Violoncellos: *Paloma Otero*, *Miriam Fernández*, *Sergio Gómez*, *Manuel Fernández*, *Jorge Suárez*, e *Artei Theotonio*.

Contrabaixo: *Felipe de Frutos* e *Carmen Mora**.

Frautas: *Irene Parada*, *Ana Domínguez* e *Uxía Aldea (frautín)*.

Óboes: *Sofía Domínguez* e *César Rial*.

Clarinetes: *Nicolás Teixeira* e *Jaime Irisarri*.

Fagots: *Daniel Otero* e *Sabina Portela*.

Trompas: *Manuel Lizul*, *Daniel Otero*, *Pablo Neva* e *Antón Veloso*.

Trompetas: *Diego Rodríguez* e *Desirée Gómez*.

Trombóns: *Marco Alonso*, *Hugo Fernández* e *Óscar Vázquez*.

Tuba: *Victor Amorín*.

Percusión: *Daniel Felipe Arana*, *David Puime*, *Jorge Denis* e *Jose Luis Rodríguez*.

Pianoforte: *Brais González*.

Profesores e directores de sección: *David Santacecilia*, *Mario Peris*, *Isabel Figueroa* e *Roberto Baltar*.

* *Reforzos*

Coro participativo: Coa participación e colaboración dos coros Miñoica ma non toppo (Vigo), IES “Val do Tea” (Ponteareas) e Capela Madrigalista (Ourense), ademais de cantores individuais.

Solistas: *Paloma Suances e Anais Fernández.*

Sopranos: *María Domínguez, Tamara Pérez, María Portela, Mar Bargiela, Mery Alonso, Geni Álvarez, Mari Luz Ananín, Ana Suárez, Noelia Ratel, Nani Lima, Carla Cabaleiro, Rocío Buyo, Vanechi Martínez, Inés Pereira, Mélani Alonso, Marta Valbuena, Carmen García, Sandra Alonso, Mary Carmen Sánchez, Paula González, Nerea Álvarez, Uxía Martínez, Laura Álvarez, Eviña García, Carlota Ríos, Paula Lago e Nuria Izquierdo.*

Altos: *Daniel Bulgarelli, Raquel Garrido, Emma Domínguez, Lorena Bastón, Vanesa Fortes, Uxía Goberna, Andrea Iglesias, Sofía González, Teresa Aguirre, Biancarosa M.Togni, María José Bayón, Virginia Álvarez, Carmen Presa, Carolina Abalde, Ruth Gonzalez, Iria San Marcial, Mariña Río, Montserrat González e Viana Quijano.*

Tenores: *Pablo Villar, Pedro Pereira, Iván Casas, Mateo Gonzalez, Manuel García, Iván Márquez, Christian Losada, Flavio Sedano, Domingo Lorenzo, Roberto Del Río, Antonio González e Quique Fernández.*

Baixos: *Fran Pérez, Juanjo Aldea, Celso Domínguez, Arón Ferreiro, Luis Moreno, Brais Lorenzo, Diego Groba e Rubén Troitiño.*

LUNS,
29 de febreiro, 20:30 h

VIVALDI: AS PORTAS DO PARÁISO
Barroca Vigo 430

DOMINGO,
13 de marzo, 12:00 h

O 13 É UN NÚMERO AFORTUNADO
Ensemble Vigo 430

DOMINGO,
10 de abril, 12:00 h

CONTRAPUNTOS ÍNTIMOS
Ensemble Vigo 430

VENRES,
22 de abril, 20:30 h

PEQUENOS REINOS, GRANDES IMPERIOS
Sinfónica Vigo 430

DOMINGO,
22 de maio, 12:00 h

CERIMONIAS DA REVOLUCIÓN
Sinfónica Vigo 430

XOVES,
16 de xuño, 20:30 h

O CARNAVAL DA VIOLA. DA ÓPERA AO ARRABAL
Sinfónica Vigo 430

OV ORQUESTRA 430 VIGO 430



OrquestaVigo430



@vigo430



info@vigo430.com



www.vigo430.com

Organiza:



Entidades Colaboradoras



Colaborador principal:



Vivimos nunha cidade fermosa